

Coordinadores:

Luis Alonso Gargado,
Guillermo Domínguez Santos,
Joaquín Lens Tuero,
Manuel Quintanilla Suárez,
Xesús Rabade Paredes y
José Sánchez Reboredo

**Hungría de mis amores,
Patria querida,
llena de luz tus canciones
mi triste vida,
vida de infierno.**

CO pretexto da melancólica canción, **A canción do vagamundo** (1), constrúe Lois Diéguez (1944) o mundo novelesco deste título, Premio "Eduardo Blanco Amor" 1986, recentemente editado por Sotelo Blanco.


Obra de ritmo lento, recreada na súa morosidade, pesada en moitas páxinas polo reiterativo e digresivo, nela gravita, certamente, o triste e melancólico. Unha sombra ameazante penetra este universo e trada sen remedio o corazón dos personaxes. Estes viven xeralmente cara atrás, en perpetua evocación, percurando o imposible como saída única que remedie a existencia atafegada do presente, presente dilatado nunha opresión de lousa: desde os "paseos" da guerra e da posguerra á miseria moral do Lugo destes días, baixo a bota poderosa e analfabeta dun de tantos Manteigas. Nese lapso

CRONICA DUNHA DESTRUCCION

cronolóxico actúan as criaturas desta historia.

Así ocorre cos personaxes de función máis relevante, presos todos nun drama que os desborda para levalos ó reino da loucura (o tío Leandro, ou a mamai Otilia), á depresión, á intoxicación etílica e á execución de crimes no ámbito do soño (o atribulado Pedro). Baixo esta especie de síndrome universal está escrita a obra: nun a modo de difícil compromiso nesa fronteira onde constantemente se interfieren lucidez e demencia. Como sucede en neira Vilas, a quen Diéguez nos recorda con frecuencia, semella que a única vía de escape a unha continxencia anguriente e opresiva reside no absentismo, na morte ou na loucura.

Pero, con todo, non faltan os personaxes que afrontan decididos a brutal realidade; que loitan e se enfrentou: é o caso de Natalia, consolo espiritual e sexual do atafegado Pedro, que tanto se asemella á figura e á militancia sindical de Evanxelina en **Xente ao lonxe**. Porque



hai mais dun contacto casual nesta novela que hoxe nos ocupa co universo narrativo de Eduardo Blanco Amor, algo que se evidencia mesmo nalgúns aspectos da escritura. E isto non supón ningún demérito para o escritor lugués. En efecto, **A canción do vagamundo** mostra unha construción contrapuntística movida

entre os dous ámbitos, en contraste permanente, da cidade/vila e máis da aldea, medios estes que tratan de explorarse nas súas estruturas e categorías de clase. Un elemento eixe, sobre o que pivotan ambos universos —e que en certa maneira os unifica—, é a presenza constante do personaxe central, Pedro, un dos mellor trazados na novela. A súa complexidade sempre é máis convincente que a das outras figuras dotadas de función.

Tales son os casos de tío Leandro, vello crego visionario e rematadamente louco, sobre o que se denuncian certos comportamentos eclesiásticos; e o da mamai Otilia, entrañable na súa humanidade, sacrificada vítima desde a propia familia, levada ó límite da resistencia vital e ó desvarío, imaxe típica e tópica na nosa tradición narrativa e poética. Quizais ambas as dúas criaturas non dan logro verdadeira encarnadura na novela, motivo polo cal se nos ofrecen, concluída a lectura, como dous personaxes desinchados...

Polo demais, trátase dunha obra aceptablemente escrita, e nótase que o autor —non de balde é lugués— domina ben a lingua que utiliza. Mais se me é permitido enunciar algunha chata como final desta noticia apresurada, diría que por veces é ostensible de máis a ideoloxía e socioloxía descarnadas, o doctrinario e discursivo, o anacronismo de explicitar na obra problemas de diglosia ou ben a veladura innecesaria de nomes como Monsfor, Lugh, A Corona, Maheriz e Cálibes, de seu tan evidentes. En fin, un criterio lingüístico esixente —que por norma é o que rexe na novela— debería en futuras edicións evitar poñer nos labios dos mesmos moradores de Santiorxo formas indiscriminadas como eres, responder, pía de zapatos, dicer, propio, sulcos, rasgos, complacer, andivo, valga, soidos, solenes, collar, caiga, sangar, partixas, bueno, dios, reflectir, espiritoal, reaxir, vivir, elexer ou cousa algunha.

(1) Lois Diéguez: **A canción do vagamundo**. Premio "Eduardo Blanco Amor", 1986. Ed. Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.

Xesús Rabade Paredes

Conversas

Lois Diéguez: premio "Blanco Amor" de novela

"A selección dos premios, en moitos casos, non se fai ben"

Falamos con el un día, pola mañá, non moi cedo. Queríamos preguntarlle cousas sobor da súa obra e coñecer algunhas das súas opinións encol da mesma e doutros aspectos da literatura galega en xeral. E comenzamos ca **Canción do Vagamundo**, recentemente premiada. Nela, Lois Diéguez enfrenta o problema da transformación da vida no último século. Parece que o autor intenta facer unha revisión desta transformación.

"Non dun xeito absoluto. Intento que sirva de análise da vida de todos estos anos. Os problemas que acontecen ós membros destas familia sitúanse no contexto xeral da familia galega".

—**Por qué unha análise tan crítica ós medios de comunicación?**

"Coido que non é excesivamente crítico. Creo que os medios de comunicación están aí como moitas outras cousas, e que teñen que estar sometidos a crítica e a corrección constante. No caso concreto do periodismo de intención máis porque teñen máis responsabilidade".

—**E xa centrándose na súa obra, o autor acláranos:**

"A maior parte das anécdotas que saen na novela son reais. Pódese estar dacordo ou non, pero en moitos casos nin sequera hai intención da miña parte. Incluso os propios textos de periódicos, algúns deles, saliron en xornais de Galicia".

A *Canción do Vagamundo* foi galaradonada fai pouco co premio "Blanco Amor". ¿Daríalle tamén o autor un premio por ser a súa mellor novela?

"Creo que sí, dentro da vertente narrativa é a novela da que estou máis contento. Pero bueno, ten tamén que someterse a crítica, e ten os seus fallos, indudablemente".

DE calquer xeito, ¿qué ven sendo un premio en realidade?, ¿a qué responde?, ¿a quen se lle da?, ¿de qué serve? Lois Diéguez quería dicir moito disto. En primeiro lugar parécelle un sistema.

"Sometido a moitas presións de distinto tipo: políticas e económicas, fundamentalmente".

A nosa pregunta de se cría que podían axudar a potenciación dunha literatura nacional quedaba case respostada xa, pero engade:

"Na maior parte dos casos non res-

ponde, quizá, a unha valoración real da produción que hai nese momento. Eu creo que como potenciación das literaturas hai outros métodos máis obxectivos, como poden ser as axudas a propia creación literaria. Coido que isto sí parte dunha situación real".

A obxectividade é fundamental para Lois Diéguez a hora de outorgar un premio. E encol deste principio basea toda súa crítica. Unha crítica de raíz que tira por terra todo o sistema, e que non deixa de sorprendernos un pouco, vindo dun escritor que tan claramente entrou no xogo.

"Eu creo que o que ten que dar e a sociedade e a propia crítica unha vez publicados os libros, cando están sometidos a distintos pareceres. Uns poucos anos e a propia historia son os encargados de facer esa selección que, en moitos casos, non se fai ben, por distintos motivos, a través de xurados. Eu creo que no caso concreto do noso país debíase potenciar a obra de creación, desde organismos oficiais ou doutro tipo, eso xa é a discutir, e a partir de aí o premio real, sería o recoñecemento dun traballo determinado que se fai".

ALFREDO Conde acada o Premio Nacional de Literatura ó mesmo tempo que os números de venta e os de títulos publicados, da literatura galega en xeral, alcanzan cotas cada día máis altas, con Castelao como autor máis lido. Lois Diéguez fai unha análise para nós desta situación, desde o seu punto de vista.

A nosa historia literaria ten un proceso que non se pode presentar como descubrimento neste momento. A historia está aí, e hai unha serie de nomes que non son máis interesantes agora que o foron, e que o son, e que están presentes. Outra cousa e que no aspecto político interese "premiar" a un tipo de autores ou de obras por condicionamentos políticos. Aí, evidentemente, xa hai moitos interrogantes. O que non podemos e dar a sociedade unha idea distinta da que nos presenta a nosa propia historia. ¿Descúbrese de supeto a nosa literatura? Non. Eu penso que o que se está a facer e aproveitalo por unha serie de mecanismos que interesan de cara ós próximos meses, falando de calendarios políticos. Premiar a xente que, estando no poder unha determinada opción,

interesa sacala a relucir máis que a outra.

Fala sen parar, dí unha cousa e outra cousa sen tomar alento. As súas palabras son claras, transparentes. Pero, como se pensase que non se lle entendera de todo, engade aínda:

Todo isto pode ter un aspecto positivo. Desde o momento que se fala de algo que existe, pero que antes non se falaba del fora de ámbitos territoriais, da propia nación galega, sempre é positivo, indudablemente. Pero en moitos casos o ser máis ou menos positivo, non se corresponde coa xusteza. A ise premio do que antes falábase concurrían outra serie de obras que, ó meu parecer, son máis interesantes que a premiada.

CHEGABAMOS xa ó remate da nosa conversa e non quixemos despedirnos sen satisfacela nosa curiosidade encol dun último punto. ¿Por qué dúas obras inéditas?


Tiven, e teño, problemas de edición. O que pasa e que agora esto rompeuse dalgún xeito co premio, que era por outra parte o que quería conseguir. Acabar unha obra e tela posibilidade de vela publicada, e non gardala nun caixón.

Os problemas de que falaba merecían unha explicación máis completa, pero Lois Diéguez non é precisamente un home parco en palabras, e as súas verbas encol dun tema, que de seguro gosta discutir, nin quedaron cortas nin se fixeron esperar.

Hai moitos impedimentos de carácter ideolóxico, indudablemente. Antes falaba de que se agora se lle daba un premio a X, isto ten moito que ver ca postura política. E non se lle vai dar a Y, que ó mellor non está moi dacordo e critica a situación social que hai neste momento.

Rise, mentras fala, da linguaxe matemática que el mesmo opta por utilizar, intentando calar nomes que, de calquer xeito, quedaban dabondo a vista. E dixo aínda:

Despóis hai unha imposición que indirectamente parte de aí tamén, que é o problema da normativa, un problema que se extrapola totalmente dos seus cauces. Eu, evidentemente, non son oficialista, normativista. E un punto que están a introducir as propias editoriais, e a mesma Xunta de Galicia, para



que toda a produción literaria se faga, por decreto —esto é a maior aberración— baixo unha normativa que eles consideran que é a única boa.

Non son poucos os escritores e estudiosos do galego que manteñen con Lois unha postura anti-oficialista, se ben na maior parte dos casos unidos baixo as teses integracionistas que constitúen unha alternativa a normativa. O noso autor parece seguir un camiño máis individualista, fora das súas grandes tendencias.

Despóis de todo isto parece claro que o premio de Lois Diéguez supón na súa carreira, máis ca un premio, a ruptura dunha linde na que se coidaba pechado, a superación dun atranco.

A excepción do "Blanco Amor" os outros premios que hai, polo menos unha maioría aplastante, esixe xa a escritura nunha normativa oficial. E isto non é cousa alternativa, senón unha imposición política, aproveitada tamén para a selección ideolóxica. As miñas obras inéditas eran de moi difícil saída, non por calidade, senón por toda esta chea de motivos.

Parece que polo menos unha distas dúas obras das que estamos a falar, unha novela, está agora a publicarse. Pola nosa parte non podemos senón desexarlle que remate conquerindo á fin, tanto ca **Canción do Vagamundo** coma coa anunciada, o premio que, segundo el mesmo, só o público lector lle pode conceder.

H. García Porto
Rosa Suárez